

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL ESTRADA, A

Subvencións

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETETIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A AGRUPACIÓN E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA A TEMPADA 2014 / 2015

O Excmo. Concello da Estrada, como cada ano, adquire un importante compromiso cos deportistas e clubs do Concello, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas facetas, dándolle verdadeira importancia o traballo por parte dos clubs á formación de novos deportistas e ó deporte de base.

Para cumprimentar as solicitudes, poden solicitar axuda no departamento de Deportes do Concello da Estrada, estas axudas que se rexerán pola seguintes:

B A S E S

1) OBXECTO DA CONVOCATORIA:

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas ós clubs e asociacións deportivas e ós deportistas federados do Concello da Estrada para a participación e promoción deportiva da tempada 2014/15, en base ó disposto nos artigos 25.2.m) da Lei 7/85 Reguladora das bases de Réxime Local, así como nos artigos 23 e seguintes do Decreto de 17 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello da Estrada tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2) DOTACIÓN ORZAMENTARIA:

O importe total que se dispón para o outorgamento das subvención a conceder será de 83.000 Euros, dos que un máximo de 3.000€ se destinará as solicitudes formuladas por deportistas federados/as, con cargo a partida orzamentaria 340.489.00.



3) BENEFICIARIOS/AS:

Poderán solicitar estas axudas tódalas asociacións e clubs deportivos do Concello da Estrada sen ánimo de lucro legalmente constituídos e que veñan desenvolvendo unha labor de promoción deportiva e de interese para a sociedade dentro do Concello da Estrada. Os cales deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

3.1.1.—Os clubs federados sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello da Estrada e que leven a cabo a súa actividade dentro do mesmo.

3.1.2.—Estar debidamente federadas e inscritas no Rexistro oficial correspondente.

3.1.3.—Carecer de ánimo de lucro.

3.1.4.—Non ter ningún tipo de débeda pendente de xustificar co Concello da Estrada.

Tamén poderán solicitar estas axudas os deportistas federados domiciliados no Concello da Estrada con anterioridade á aprobación destas bases e que participen en competicións de ámbito comarcal ou superior incluídas nos calendarios das respectivas federacións.

Quedan excluídas as asociacións ou entidades que asinen un Convenio específico co Concello, as cales se rexerán polo devandito Convenio.

4) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na prensa local e na páxina web do Concello da Estrada.

5) DOCUMENTACIÓN:

Cada club só poderá formular unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta. As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo de solicitude (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

5.1.—Entidades:

5.1.1.—Modelo de solicitude (anexo I) debidamente cumprimentado e asinado polo/a representante do club, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados.

5.1.2.—Copia cotexada do CIF.



5.1.3.—Certificación da Federación Galega ou nacional correspondente na que se especifique:

5.1.3.1.—A participación do equipo en competición na tempada 2014/2015.

5.1.3.2.—O número de equipos participantes por categoría do equipo, nivel da competición e sexo.

5.1.3.3.—O número de licenzas por categoría e sexo que participan en competición na tempada 2014/2015.

5.1.3.4.—A participación do equipo senior en competición de ámbito nacional na tempada 2014/2015, con denominación da competición e grao de nivel nacional.

Excepcionalmente, aquelas entidades ou clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán de presentar o certificado da federación, correspondente ó ano 2015.

5.2.—Deportistas a título individual:

5.2.1.—Copia cotexada da licenza federativa en vigor.

5.2.2.—Copia cotexada do DNI.

5.2.3.—Certificado federativo onde se faga constar a participación do deportista nas diferentes competicións, campionatos ou eventos na Tempada 2014/2015.

5.3.—Documentos comúns a todas as solicitudes:

5.3.1.—Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

5.3.2.—Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

5.3.3.—Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a contía das mesmas (Anexo II).

5.3.4.—Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 (Anexo II).



6) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES:

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte aos criterios que de seguido se sinalan:

6.1.—Clubs e asociación deportivas:

Criterios:

a. Nivel de competición regular da agrupación ou equipo representativo do club:

Nivel nacional: Ata 25 puntos

Nivel autonómico: Ata 15 puntos.

Nivel comarcal: Ata 5 puntos.

b. Número de licenzas federativas segundo certificado federativo da federación correspondente:

Máis de 140 licenzas: Ata 40 puntos.

Entre 75 e 100 licenzas: Ata 25 puntos.

Entre 40 e 74 licenzas: Ata 15 puntos.

Ata 40 licenzas: Ata 5 puntos.

c. Número de equipos participantes por categorías na actual tempada segundo certificado federativo:

Máis de 8 equipos: Ata 40 puntos.

Entre 6 e 8 equipos: Ata 30 puntos.

Entre 3 e 5 equipos: Ata 20 puntos.

Ata 2 equipos: Ata 5 puntos.

d. Adecuación das actividades que se van realizar ó interese da promoción do deporte base no Concello da Estrada e incidencia social:

Incidencia social alta: Ata 30 puntos.

Incidencia social media: Ata 15 puntos.

Incidencia social baixa: Ata 5 puntos.



6.2.—Deportistas a título individual:

Os deportistas federados domiciliados no Concello da Estrada, que se encontren federados na modalidade deportiva correspondente e nun club con domicilio social no Concello da Estrada, que xa solicitara a subvención no apartado destinado os clubs, non poderán compatibilizala ca axuda destinada os deportistas individuais.

Cráterios:

- a. Nivel no que participa o deportista regularmente:

Nivel nacional: 5 puntos.

Nivel autonómico: 3 puntos.

Nivel comarcal: 1 punto.

- b. Número de probas nas que participa o deportista na tempada segundo certificado federativo:

Dende 15 ou máis probas/torneos: 10 puntos.

Entre 7 e 14 probas/torneos: 6 puntos.

Ata 7 probas/torneos: 2 puntos.

- c. Incidencia social:

Incidencia social alta: 5 puntos.

Incidencia social media: 3 puntos.

Incidencia social baixa: 1 punto

7) IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS:

- a) Clubs en Categoría Internacional (25.000€).
- b) Clubs en Categoría Estatal (20.000€).
- c) Clubs en Categoría Autonómica (15.000€).
- d) Clubs en Categoría Provincial (10.000€).
- e) Clubs en Categoría Comarcal (3.000€).
- f) Deportistas a nivel individual (1.500€).



En ningún caso o importe máximo da subvención a conceder a cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.

8) ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:

As solicitudes dirixiranse ó Departamento de Deportes no 4º andar do Concello da Estrada; nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Concelleiro delegado de Deportes e o departamento de Deportes.

O órgano instructor do procedemento será o encargado de requirir aos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Así mesmo, requirirá á Tesourería municipal certificado de que os clubs e deportistas solicitantes estean ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello da Estrada. Elaborarase un informe de cada unha das solicitudes presentadas nas que se farán constar:

- a) Nome da entidade, disciplina deportiva e modalidade da subvención e/ou contía máxima á que opta
- b) Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- c) Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpre de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída polo Concelleiro delegado de Deportes e Participación Cidadá que a presidirá e o técnico municipal de deportes, de existir, ou un funcionario municipal que actuará tamén como Secretario da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9) PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.



10) OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

Os clubs e deportistas subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello da Estrada.

11) XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS:

Para o abono de ata o 100% do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cumprimentada:

a) Facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. So se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministros, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome, apelidos e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida (Anexo III).

c) Declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado (Anexo III).

d) Memoria cuantificada das actividades realizadas e ingresos obtidos, onde os gastos deben de coincidir cos ingresos (Anexo III).

d) As actividades subvencionadas terán que realizarse na tempada obxecto da presente convocatoria.

e) As subvencións xustificaranse antes do 1 de Setembro do 2015. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de Setembro do 2015. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma.

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.



- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos que traian causa de dieta dos membros dos clubs ou deportistas, agás nos casos que se xustifique e se constate a asistencia a unha actividade deportiva ou campionato na que se participe.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e).

12) CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO:

A Delegación de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13) RÉXIME SANCIONADOR:

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14) RÉXIME XURÍDICO:

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

O que se fai público os efectos oportunos.



ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE (CLUB)

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

ENTIDADE SOLICITANTE:	
DOMICILIO SOCIAL:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
REPRESENTANTE DA ENTIDADE:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRONICO:

2. DATOS DEPORTIVOS:

DISCIPLINA DEPORTIVA:	EQUIPO DE REFERENCIA:
CATEGORÍA DO EQUIPO DE REFERENCIA:	Nº DE LICENZAS FEDERATIVAS:
CAMPIONATOS OU ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NA TEMPADA 2012/2013 NO CONCELLO DA ESTRADA:	
1. 2. 3. 4. 5.	
NIVEL DE FORMACIÓN DOS TÉCNICOS DA BASE:	
FEDERACIÓN DEPORTIVA A QUE PERTENCE:	TELÉFONO:
	CORREO ELECTRONICO:
INSTALACIÓNS DE USO HABITUAL (ENDEREZO COMPLETO):	

Declaro que:

- A Entidade que represento reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.

LUGAR E DATA:

En a de de 2015

SINATURA:



ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE (DEPORTISTA INDIVIDUAL)

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE:	
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRONICO:

2. DATOS DEPORTIVOS:

DISCIPLINA DEPORTIVA:	
CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA:	
CAMPIONATOS OU ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU NA TEMPADA 2012/2013 :	
1.
2.
3.
4.
5.
FEDERACIÓN DEPORTIVA A QUE PERTENCE:	TELÉFONO:
	CORREO ELECTRONICO:

Declaro que: - A Entidade que represento reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria. - Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. - Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.	
LUGAR E DATA:	
En a dedo 2015.	SINATURA:



ANEXO II (Solicitude)

❖ SOLICITANTE:.....

BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

α)	Que	o	Club	ou	o	Deportista
:.....						
<input type="checkbox"/> NON solicitou NIN recibiu ningunha outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.						
<input type="checkbox"/> Ten Solicitado e/ou Concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade:						
Relación de axudas solicitadas						euros
						euros
						euros
Relación de axudas concedidas						euros
						euros
						euros
β) Que non está incurso en ningún suposto de prohibición ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións.						
<p>E para que así conste perante o Concello da Estrada, ós efectos da subvención a conceder por esta institución, suscribo a presente, ena dede 2015.</p> <p>Asdo:</p>						



ANEXO III (Xustificación)

❖ SOLICITANTE:.....

BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

a) Que o Club ou o
Deportista:.....

NON solicitou NIN recibiu ningunha outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.

Ten Solicitado e/ou Concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade:

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

b) Baixo responsabilidade declaro que a subvención destinouse para a realización dos fins para os que foi concedida.

E para que así conste perante o Concello da Estrada, ós efectos da subvención a conceder por esta institución, suscribo a presente, ena dede 2015.

Asdo:

A Estrada, a de Xuño de 2015.—O Alcalde, José C. López Campos.

